

NOTA DE PRENSA

A arquitecta e urbanista Miriam García ofrecerá en Noia unha charla sobre a coherencia entre os plans xerais municipais e o Plan de Ordenación do Litoral

Explicará o modelo e a interpretación do POL como plan de xestión integral para a protección da costa

Santiago-Noia, 20 de setembro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).- A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia e o Concello de Noia continúan coas xornadas **Planeando: Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia**. Mañá venres, ás sete da tarde na casa da cultura, intervirá a arquitecta e técnico urbanista **Miriam García** (1971), directora técnica do proxecto do Plan de Ordenación do Litoral (2011) e do Plan Director de Acuicultura Litoral de Galicia (POL, 2013). Na actualidade dirixe o seu propio estudio, Land Lab, Laboratorio de Paisaxes, onde colabora en distintos proxectos de fomento e desenvolvemento da planificación espacial, a paisaxe e o deseño urbano. **Miriam García** ofrecerá unha conferencia sobre os plans xerais de ordenación e o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, explicando o seu modelo e as claves da súa interpretación.

A arquitecta Miriam García sinala que os plans xerais de ordenación municipal teñen que establecer o seu propio modelo espacial en coherencia coas determinacións da planificación territorial e sectorial. En relación ao Plan de Ordenación do Litoral, a arquitecta indica que se trata dun documento extenso pola súa metodoloxía e os recursos que pon a disposición do planificador municipal. Segundo as súas argumentacións, o POL é un plan de xestión integral do territorio que actúa como primeiro instrumento de protección, ordenación e xestión do territorio costeiro de Galicia. “É un proxecto a escala rexional eficaz para dirixir os procesos de ocupación do solo, encamiñados a conseguir unha sociedade máis xusta e competitiva e máis comprometida coa sustentabilidade e a paisaxe” –apuntou Miriam García–.

O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia foi recoñecido como Boa Práctica Ambiental 2012 polo Comité Un- Hábitat, Nacións Unidas e primeiro premio da XII Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo (2013).

A entrada é libre, pero a inscrición, gratuíta, é obrigatoria cara a obter o correspondente certificado de participación, un trámite que se debe facer a través da web do Colexio de Arquitectos www.coag.es . Estas conferencias son “de carácter didáctico e entreteidas”, segundo subliña o programa, co fin de incentivar a participación de persoas sen relación profesional co urbanismo ou a planificación, polo que están dirixidas aos cidadáns en xeral, aínda que tamén a técnicos implicados en temas urbanísticos e do hábitat.

As xornadas **Planeando** propóñense coa intención de iniciar unha reflexión baseada no traballo e a exemplarización de elementos que forman parte da transformación dunha vila como Noia, segundo indica o colexio profesional: “Coa ocasión da presentación pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Noia temos a oportunidade de debater sobre os principios que rexen ou deben rexer a planificación urbana dunha vila. Ademais pensemos que en Galicia as vilas son núcleos urbanos moi representativos, cunha escala de capacidade de relación coa contorna que fan que os cidadáns sexan quen de comprender e participar nos procesos de transformación dos espazos privados e compartidos”. O urbanismo non é só unha distribución de superficies edificables, mentres que a planificación é un acordo social subscrito polos individuos dunha determinada comunidade, segundo se recolle no texto de presentación das xornadas.

A última sesión destas xornadas será o venres, 11 de outubro. Celebrarase unha mesa redonda na que diversos arquitectos debaterán as intervencións en Noia. Participarán Alfonso Salgado e Francisco Liñares (SalgadoeLiñares ArquitectosEnxeñeiros), Sebastián Ríos (UNO70 ARQUITECTURA) e Álvaro Marín e Alfonso Castro (2es+ ESTUDIO DE ARQUITECTURA).

NOTA.- Xúntanse fotografía de Miriam García e o seu C.V. en PDF

SAÚDOS

PRENSA Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia

Eva Fernández_981 55 44 07_636 571 913

www.arquitectosdesantiago.org

www.vialactea.es